



LIV CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA

BASES

1. O Concello de Vilagarcía de Arousa organiza o **LIV Concurso-Exposición Internacional da Camelia**, que terá lugar os días 10 e 11 de marzo de 2018 na Praza da Peixería. A presidencia de honra ocúpaa a súa maxestade a raíña dona Sofía.
2. Poderán concorrer todas as persoas maiores de idade interesadas na camelia, profesionais ou afeccionados, nacionais ou estranxeiros, persoas físicas ou xurídicas, sempre que realicen a súa inscrición segundo o previsto nestas bases.
3. Poderán presentarse flores pertencentes a calquera especie e variedade de *Camellia* así como calquera híbrido destas.
4. Establécense os seguintes premios:
 - 4.1 - **Premio Camelia de Ouro** para o concursante que presente o conxunto de variedades máis destacado no que se refire ao número e á calidade das flores. Quen reciba a Camelia de ouro non poderá optar ao resto dos premios previstos. O gañador deste premio será invitado a formar parte do xurado do concurso do ano seguinte, no que as súas flores terán un lugar destacado e en cuxo caso non poderá participar como concursante.
 - 4.2 - **Premio especial Antonio Odriozola**, que se lle outorgará á flor individual máis destacada de todas as que optarán a este premio, e que se exporán nunha mesa separada. Cada concursante poderá presentar un máximo de cinco variedades, representada cada unha delas por unha única flor. Será requisito imprescindible que estean perfectamente identificadas co nome da especie e variedade á que pertencen.
 - 4.3 - **Primeiro, segundo e terceiro premios** aos mellores lotes de cada unha das modalidades seguintes:
 - 4.3.1.- *Camellia reticulata* de calquera cor ou variegación
 - 4.3.2.- Híbridos de *Camellia*
 - 4.4 - **Primeiro e segundo premios** aos mellores lotes de cada unha das modalidades seguintes:
 - 4.4.1.- *Camellia japónica* branca
 - 4.4.2.- *Camellia japónica* rosada ou doutras cores
 - 4.4.3.- *Camellia japónica* vermella
 - 4.4.4.- *Camellia japónica* xaspeada ou variegada
 - 4.4.5 - Outras especies de *Camellia*



Os lotes que participen en calquera das modalidades indicadas nos apartados 4.4.4 e 4.4.5 deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da variedade á que pertencen. Estarán formados por un mínimo de tres flores e un máximo de nove, agás o caso das camelias pertencentes a outras especies, que se poderán expoñer sen limitación de número. En caso de empate entre varios lotes o xurado manifestarase a favor daquél que teña as flores máis homoxéneas.

Cada flor presentarase co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes.

4.5.- Primeiro e segundo premios á mellor presentación artística. Valorarase como tal o conxunto de flores e plantas de camelia acompañados ou non doutros obxectos e elementos decorativos que, a xuízo do xurado, se distingan pola súa colocación artística.

Os conxuntos que opten ao premio da mellor presentación artística participarán unicamente nesta categoría. A organización proveraos dunha tarxeta para que se distingan claramente, co rótulo de “presentación artística”.

4.6.- Premio especial da *Sociedad Española de la Camelia* ao concursante máis destacado entre os que participen por primeira vez no certame de Vilagarcía de Arousa, con independencia de que se presentase en calquera das outras sedes do concurso.

5. Co obxecto de que os premios sexan distribuídos entre un maior número de concursantes, o mesmo participante non poderá obter máis de dous premios.

6. Para facilitar o labor do xurado a organización daralle a cada expositor no momento da súa presentación unha tarxeta co número de inscrición e outra por cada modalidade de premio na que participa. Tamén levará unha etiqueta co seu nome, que deberá colocar unha vez concluído o traballo do xurado e despois de ler a acta de premiados.

7. Con motivo de facilitar que aqueles cultivadores menores de idade e os que non desexen participar no concurso poidan de calquera modo amosar as súas flores a organización habilitará unha mesa especial para eles. Neste caso, serán válidas todas as observacións indicadas nas presentes bases, agás as relativas ao concurso propiamente dito e aos seus premios.

8. As inscricións ao concurso presentarase no Servizo de Protocolo do Concello de Vilagarcía de Arousa, situado na rúa Praza de Ravela nº1, ou a través do correo electrónico camelia@vilagarcia.gal dende o día seguinte á aprobación destas bases e ata as 13.00 h do vernes 2 de marzo de 2018, mediante a ficha de inscrición que se facilitará para este fin no departamento ou a través da descarga do arquivo en pdf a través da web municipal, www.vilagarcia.gal. Cada expositor deberá indicar no boletín de inscrición as modalidades desta convocatoria nas que desexa participar e o espazo que necesita para iso.



Os concursantes presentarán os seus lotes de flores no recinto da Praza da Peixería entre as 8.00 h e as 12.30 h do sábado 10 de marzo e poderán retiralos o domingo 11 de 20.30 h a 21.30 h ou o luns 12 de marzo, de 9.00 h a 13.00 h.

9. A asignación do lugar no que cada concursante e expositor deberá colocar os seus lotes establecerá a comisión organizadora, en función da demanda e do espazo limitado do que se dispón. O plano coa indicación do lugar asignado a cada concursante exporase o xoves 8 de marzo no taboleiro de anuncios do Concello e no portal municipal, www.vilagarcia.gal.

Independentemente da vixilancia que haberá no recinto, os participantes deberán coidar dos obxectos de valor de calquera natureza que utilicen para a exposición das flores, xa que o Concello non se fará cargo das perdas que se poidan producir.

10. O xurado estará composto polos seguintes membros:

Presidente: Alcalde de Vilagarcía de Arousa, ou persoa en quen delegue.

Secretario: Persoa delegada do Concello de Vilagarcía de Arousa

Vogais:

- Representante do Concello de Vigo
- Representante do Concello de Vilagarcía de Arousa
- Representante da Deputación de Pontevedra
- Técnico en Arte Floral
- Viveirista de recoñecido prestixio mundial
- Membro da *Sociedad Española de la Camelia*
- O expositor premiado coa Camelia de Ouro na edición do ano anterior

11. O xurado poderá declarar deserto/s algún/s dos premios e poderá conceder mencións especiais por conceptos non sinalados nas presentes bases. A súa decisión será inapelable.

12. Polo simple feito de solicitar a inscrición os participantes declaran coñecer e aceptan integramente as bases do concurso e sométense ás decisións da organización e do xurado.

13. O xurado queda facultado para interpretar as bases e resolver calquera incidencia que ao longo do proceso de convocatoria e resolución do concurso se puidese producir.



Lugar de celebración:

Praza da Peixería
Rúa. Avenida da Marina, nº 5-7
36600 - Vilagarcía de Arousa
Pontevedra

Inscripción e información:

Concello de Vilagarcía de Arousa
Praza Ravella nº 1
36000 Vilagarcía de Arousa
Teléfono: +34 986 099 200 Ext. 305
Fax: +34 986 501109
Correo electrónico: camelia@vilagarcia.gal

Comité de Honra:

Presidenta de Honra
S.M. D^a Letizia, Raíña de España

Don Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

Don Alberto Varela Paz
Alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa

D. Masashi Mizukami
Embaixador do Xapón en España

Dona Carmela Silva Rego
Presidenta da Deputación de Pontevedra

Don Abel Caballero Álvarez
Alcalde do Concello de Vigo



CAMELIA

LIV CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL
10-11 MARZO 2018 · PRAZA DA PEIXERÍA
VILAGARCÍA DE AROUSA
[GALICIA · SPAIN]

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN						
NOME E APELIDOS						
NIF		ENDEREZO				
		Nº	PISO	LETRA	C.P.	
LOCALIDADE				PROVINCIA		
TFNO.			E-MAIL			

SOLICITA a súa inscrición no LIV Concurso-Exposición Internacional da Camelia, que terá lugar os días 10 e 11 de marzo de 2018, na cidade de Vilagarcía de Arousa, nas seguintes modalidades:

- Camelia reticulata de calquera cor ou variegación.
- Híbridos de Camelia.
- Camelia xapónica branca.
- Camelia xapónica rosada ou doutras cores.
- Camelia xapónica vermella.
- Camelia xapónica xaspeada ou variegada.
- Outras especies de camelia.
- Presentación artística.
- Premio especial da Sociedade Española da Camelia.
- Premio especial Antonio Odriozola.

Superficie total solicitada _____ ml*

* A asignación do espazo solicitado quedará supeditada á dispoñibilidade total do recinto.

O prazo de presentación de solicitudes finaliza o vindeiro 8 de marzo, ás 13,30 horas, e poderá facerse efectiva no Departamento de Procolo, no segundo andar da Casa Consistorial, ou por correo electrónico na dirección camelia@vilagarcia.gal.

Así mesmo, declara coñecer e aceptar integramente as bases do presente concurso.

Asdo.
